

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

8230 *Real decreto 570/2011, do 20 de abril, polo que se modifica o Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e se establecen as prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia para o exercicio 2011.*

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, no seu artigo 14, cita as prestacións de atención á dependencia e, concretamente, os números 3, 4 e 5 definen as prestacións económicas previstas nesta.

Estas prestacións económicas posteriormente veñen reguladas nos artigos seguintes: no artigo 17, a prestación económica vinculada ao servizo; no artigo 18, a prestación económica para coidados no ámbito familiar; e no artigo 19, a prestación económica de asistencia persoal.

O artigo 20 do citado texto legal sinala que a contía das mencionadas prestacións económicas a acordará o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, para a súa aprobación posterior polo Goberno mediante real decreto.

O Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, determina no artigo 13.1 que a contía das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia a establecerá anualmente o Goberno mediante real decreto, logo de acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), para os graos e niveis con dereito a prestacións, e actualizarase en función do incremento do índice de prezos de consumo (IPC).

O artigo 13.1 do citado real decreto foi modificado polo Real decreto 175/2011, do 11 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e o Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a seguridade social dos coidadores das persoas en situación de dependencia.

O criterio de actualización anual previsto para as contías das prestacións económicas é distinto ao establecido para as contías do nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado, pois neste caso débese ter en conta a actualización aplicada ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), de conformidade co previsto no artigo 3.4 do Real decreto 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do sistema para a autonomía e atención á dependencia garantido pola Administración xeral do Estado.

Co fin de unificar os criterios de actualización anual de contías en ambos os dous supostos, este real decreto ten como obxecto modificar o artigo 13.1 do Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, substituíndo a mención ao incremento do índice de prezos de consumo (IPC) pola actualización aplicada ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

Por outra banda, neste real decreto regúlanse as contías máximas das prestacións económicas por grao e nivel con dereito a prestacións previstas no capítulo II do título I da Lei 39/2006, do 14 de decembro, para o exercicio 2011.

Deste modo, de acordo coas previsións legais citadas, desenvólvese o disposto na disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, na cal se establece o calendario de aplicación progresiva da lei respecto da efectividade dos dereitos ás prestacións de dependencia, que se estenderá, no exercicio 2011, a aquelas persoas que sexan ou teñan sido recoñecidas en grao I, dependencia moderada, nivel 2, ademais daquelas persoas que sexan ou teñan sido recoñecidas en grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2, e grao II, dependencia severa, niveis 1 e 2.

Por último, a través da disposición derradeira primeira deste real decreto preténdese dar cumprimento ao previsto no Acordo do Consello de Ministros do 26 de novembro de 2010, no cal se lles encomenda aos departamentos ministeriais competentes acometer reformas normativas encamiñadas, entre outros aspectos, a: «I. Excluir as axudas económicas do artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, das rendas ou ingresos computables para os efectos de posibilitar o recoñecemento do dereito ás pensións non contributivas ás vítimas de violencia de xénero».

Este real decreto apróba o Goberno, de conformidade co Acordo de data 22 de decembro de 2010, adoptado polo Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

No seu proceso de elaboración, someteuse a consulta do Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, do Consello Estatal de Persoas Maiores, do Consello Nacional da Discapacidade e do Consello Estatal de Organizacións non-Gobernamentais de Acción Social.

A presente norma dítase ao abeiro da facultade conferida ao Goberno na disposición derradeira sétima e no artigo 20 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e no artigo 13.1 do Real decreto 727/2007, do 8 de xuño.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de abril de 2011,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

Un. O artigo 13.1 do Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, queda redactado nos seguintes termos:

«1. A contía das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia será obxecto de actualización anual polo Goberno mediante real decreto, logo de acordo do Consello Territorial, para os graos e niveis con dereito a prestacións, tendo en conta a actualización aplicada ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).»

Dos. Introdúcese unha nova disposición adicional, coa redacción seguinte:

«Disposición adicional cuarta. *Cotas á Seguridade Social e por formación profesional derivadas da prestación económica para coidados no ámbito familiar.*

As cotas á Seguridade Social e por formación profesional establecidas cada ano en función do previsto no artigo 4 do Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a seguridade social dos coidadores das persoas en situación de

dependencia, serán aboadas conxunta e directamente polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.»

Artigo segundo. *Contía máxima das prestacións económicas do grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2, grao II, dependencia severa, niveis 1 e 2, e grao I, dependencia moderada, nivel 2, para o exercicio 2011.*

Actualízase para o exercicio 2011 a contía máxima das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo co previsto no artigo 13, na redacción dada por este real decreto, do Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Así mesmo, cuantifícase para o exercicio 2011 o importe máximo da prestación económica vinculada ao servizo e da prestación económica para coidados no ámbito familiar para cada persoa beneficiaria do sistema para a autonomía e atención á dependencia, de grao I, dependencia moderada, nivel 2.

En consecuencia, para o ano 2011 as contías máximas das prestacións económicas correspondentes ao grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2, grao II, dependencia severa, niveis 1 e 2, e grao I, dependencia moderada, nivel 2, serán as que se determinan no anexo deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Situacións xurídicas preexistentes.*

A contía das prestacións económicas recoñecidas con anterioridade ao exercicio 2011 actualizarase aplicando a porcentaxe de variación do IPREM fixado como referencia no ano 2011 en relación co fixado en 2010.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.*

Engádesse un número 7 ao artigo 6 do Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, coa seguinte redacción:

«7 A axuda económica recoñecida conforme as disposicións deste real decreto será compatible coa percepción das pensións de invalidez e de xubilación da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, e non terá, en ningún caso, a consideración de renda ou ingreso computable para os efectos do percepción destas.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e en cumprimento dos deberes constitucionais.

2. Non obstante o establecido no número anterior, o número dous do artigo primeiro deste real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que

atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor e efectos.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos do día 1 de xaneiro de 2011.

O establecido na disposición derradeira primeira, en relación coa non consideración como renda ou ingreso computable das axudas económicas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, para os efectos das pensións de invalidez e de xubilación da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, terá efectos e será aplicable a partir da data de entrada en vigor deste real decreto.

Dado en Madrid o 20 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade
LEIRE PAJÍN IRAOLA

ANEXO

Contías máximas das prestacións económicas por grao e nivel para o ano 2011

Graos e niveis	Prestación económica vinculada ao servizo – Euros mensuais	Prestación económica para coidados no ámbito familiar – Euros mensuais		Prestación económica de asistencia persoal – Euros mensuais
	Contía	Contía	Cota SS+FP	Contía
Grado III nivel 2	833,96	520,69	164,54 (163,04 + 1,50)	833,96
Grado III nivel 1	625,47	416,98		625,47
Grado II nivel 2	462,18	337,25		
Grado II nivel 1	401,20	300,90		
Grado I nivel 2	300,00	180,00	82,27 (81,52 + 0,75)	